



SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 7 DE MARZO DE 2016

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás oito horas e trinta minutos do día sete de marzo de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1108 de data 23 de xuño de 2015: don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona María Dolores Blanca García Fernández.

Intervén como secretaria da Corporación dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examínanse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 29 de febreiro de 2016

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 29 de febreiro de 2016 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco membros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

2º.- Boletíns e correspondencia

- Resolución do 24 de febreiro de 2016, da Dirección Xeral da Función Pública, da Consellería de Facenda, pola que se ditan instrucións sobre o réxime de vacacións, permisos e licenzas. (Diario Oficial de Galicia número 44, do 4 de marzo de 2016).

- Orde do 23 de febreiro de 2016, da Consellería de Política Social, pola que se establecen as bases que rexen as axudas enmarcadas no programa Iniciativa Xove e se procede á súa convocatoria. (Diario Oficial de Galicia número 43, do 3 de marzo de 2016).

- Resolución do 19 de febreiro de 2016, da Axencia Turismo de Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos para o apoio aos investimentos para uso público en infraestrutura recreativa, información turística e infraestrutura turística a pequena escala, mediante o fomento de accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, e se anuncia a convocatoria para o ano 2016. (Diario Oficial de Galicia número 40, do 29 de febreiro de 2016).

- Resolución do 11 de febreiro de 2016, da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, pola que se publica o Acordo do 10 de febreiro de 2016 polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de estratexias de desenvolvemento local, para a selección e recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia



e para a concesión da axuda preparatoria, cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e se convoca o correspondente proceso de selección. (Diario Oficial de Galicia número 42, do 2 de marzo de 2016).

- Resolución de 29 de febreiro de 2016, da Dirección Xeral do Tesouro, Ministerio de Economía e Competitividade, pola que se actualiza o Anexo 1 incluído na Resolución de 31 de xulo de 2015, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas e entidades locais. (Boletín Oficial do Estado número 52, do 1 de marzo de 2016).

- Lei 12/2015, de 24 de decembro, da Comunidade Autónoma de Galicia, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016. (Boletín Oficial do Estado número 51, do 29 de febreiro de 2016).

- Lei 13/2015, de 24 de decembro, da Comunidade Autónoma de Galicia, de medidas fiscais e administrativas. (Boletín Oficial do Estado número 51, do 29 de febreiro de 2016).

3º.- Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 26 de febreiro ao 3 de marzo do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 311/2016 e remata coa resolución da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Socioeconómico número 351/2016, segundo se relaciona a seguir:

Nº Decreto	Data sinatura	Asunto
311/2016	26/02/2016	Conceder a licenza para a posesión de animais potencialmente perigosos. Solicitante: DMD
312/2016	26/02/2016	Conceder a licenza para a posesión de animais potencialmente perigosos. Solicitante: NFM
313/2016	26/02/2016	Convocatoria da Xunta de Goberno Local do día 29 de febreiro de 2016
314/2016	26/02/2016	Aprobar a concesión convocatoria de subvencións 2015 Deportes
315/2016	26/02/2016	Arquivo de actuacións no expediente número 5/2015 reclamación por danos nunha farola de iluminación pública situada no lugar da Pena da Nosa Señora a altura do nº 4, Cambre
316/2016	26/02/2016	Contratación mediante a tramitación de emerxencia contemplada nos artigos 28 e 113 do RDL 3/2011 do 14 de novembro, da prestación do servizo de axuda no fogar para o Concello de Cambre, adxudicado a dona Natalia Vázquez Rodríguez (O Espertar), no prezo de 15,08 euros/hora, IVE incluído
317/2016	26/02/2016	Conceder a licenza de instalación para o garaxe do edificio situado na rúa Otero Pedraio O Temple, Cambre. Expediente



		núm.: 04/28/05. Solicitante: E, S.L.
318/2016	26/02/2016	Conceder a licenza para as modificacións realizadas na escola infantil situada na rúa Francisco Añón, unidade de execución nº 11 das Normas subsidiarias do planeamento de Cambre, O Temple. Conceder a licenza de primeira utilización para o edificio da citada escola con licenzas de obra e actividade concedidas nsº 01/07/13 e 03/16/13. Solicitante: CGdeSdeleB da CdeTeB
319/2016	26/02/2016	Aprobar as facturas, recoñecer e liquidar cadansúas obrigas (T.M.E. SA e máis), por importe total de 25.540,18 euros
320/2016	26/02/2016	Concesión das subvencións municipais a entidades sen fin de lucro 2015. Educación
321/2016	29/02/2016	Concesión das subvencións municipais a entidades sen fin de lucro 2015 Cultura
322/2016	29/02/2016	Concesión administrativa de uso e apertura dunha urna no cemiterio municipal de Cambre para inhumar o cadáver da súa nai dona MRA, falecida o 24 de febreiro de 2016. Solicitante: MCR
323/2016	29/02/2016	Estimar a devolución de ingresos indebidos do prezo público por actividades xuvenís. Solicitante: MRV
324/2016	29/02/2016	Estimar a devolución de ingresos indebidos pola taxa por ocupación do dominio público con motivo da venda ambulante. Solicitante: JLE
325/2016	29/02/2016	Arquivo de actuación no expdte. 2015/P001/000001 de responsabilidade patrimonial. Auto do Xulgado Contencioso/Administrativo número 2 no que se declara a terminación do procedemento abreviado 0000201/2015 por desistimento do reclamante don Rde la FS
326/2016	29/02/2016	Nomear funcionaria interina a dona MdeIMCV auxiliar administrativa por acumulación de tarefas no rexistro municipal e no padrón
327/2016	29/02/2016	Aprobar o proxecto "Mellora de camiños de acceso a explotacións agropecuarias na Pagueira 11, 13 e 13, Brexo, Cambre", cun orzamento total de 65.121,90 €, IVE engadido, (53.819,75 €, sen IVE). Solicitar a participación no Plan marco: mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias-2016, para a execución do citado proxecto ao abeiro da Resolución do 25 de xaneiro de 2016, da Consellería do Medio Rural e do Mar
328/2016	29/02/2016	Aprobar a proposta para a contratación da obra de "Mellora dos parques infantís da Altamira, o Balado e San Lorenzo", así como o proxecto, por un importe máximo de 51.162,70 euros, IVE engadido. Adxudicar a obra no prezo ofertado de 48.860,38 euros (IVE engadido), a empresa JARDINERIA ARCE S.L, por ser a oferta máis ventaxosa en aplicación dos criterios de valoración factor prazo e factor prezo



329/2016	29/02/2016	Expedientes sancionadores de tráfico: DII (p3456)
330/2016	29/02/2016	Aprobar as de facturas, recoñecer e liquidar cadansúas obrigas (Eulen SA e máis), por importe total de 65.336,37 euros
331/2016	29/02/2016	Facer uso das listaxes de docentes existentes para a súa contratación laboral temporal para impartir o curso do XVI Plan Municipal de formación ocupacional da especialidade de Soldadura TIG con unha duración prevista de 370 horas
332/2016	01/03/2016	Aprobar o gasto, recoñecer obrigas e pagos a MLEGG e JAEGG de intereses por importe de 831,39 euros polo atraso na fixación do prezo xusto
333/2016	01/03/2016	Aprobar as facturas, recoñecer as obrigas con reparos da Intervención (E. SA e máis) por importe total de 76.144,73 euros
334/2016	01/03/2016	Declarar a desistencia de UFD, S.A., da súa solicitude de licenza para realizar unha acometida eléctrica en Piñeiro, Brexo. Solicitante: UFD, S.A.
335/2016	01/03/2016	Conceder a licenza municipal para realizar unha acometida eléctrica na finca situada no lugar de Piñeiro, Brexo. Solicitante: UFD, S.A.
336/2016	01/03/2016	Declarar a ineficacia da comunicación previa presentada para a reposición de sete fiestras existentes na vivenda unifamiliar situada na estrada da Estación, , Cambre. Solicitante: GCR
337/2016	01/03/2016	Conceder a licenza para construír unha vivenda unifamiliar no lugar da Cabana, parroquia de Anceis. Solicitante: JARG e M ^a CAL
338/2016	01/03/2016	Solicitude ampliación ámbito territorial e competencias para acceso aos datos catastrais a SMSM e SMC
339/2016	01/03/2016	Conceder a tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: HRD
340/2016	01/03/2016	Devolución do aval definitivo, por importe de 2.135,00 euros, a don Javier Torres Iglesias, depositado para garantir a contratación das orquestras e/ou grupos musicais nas festas de Santa María de Cambre 2015
341/2016	01/03/2016	Denegar a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade, dado que pola súa minusvalía non se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: JMLG
342/2016	01/03/2016	Denegar a tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade, dado que pola súa minusvalía non ten acreditadas dificultades graves de mobilidade que lle dificulten a utilización de transportes colectivos. Solicitante: MBMM
343/2016	02/03/2016	Adxudicar o servizo de docencia para impartir un curso de formación para o emprego da especialidade "curso básico de piloto profesional de drones (RPAS)"enmarcado no XVI Plan municipal de formación para o emprego 2016
344/2016	02/03/2016	Conceder a autorización para exercer a venda ambulante



		durante a celebración do Temple Stock os días 5 e 6 de marzo de 2016 en horario de 10:00 a 21:00 horas da noite para a venda de produtos de alimentación. Solicitante: MVC
345/2016	03/03/2016	Conceder a licenza para a demolición do forxado do entresollado situado na rúa Pintor Alejandro Pascual, Cambre. Solicitante: CBE
346/2016	03/03/2016	Expediente de orde de execución 2014/I002/000223 por maleza en finca situada en Pena da Nosa Señora, Cambre a MLMEG-G
347/2016	03/03/2016	Aprobar o proxecto XXIII Certame Literario de Poesía e Narración breve, Cambre 2016. Aprobar as bases que rexerán o seu desenvolvemento e publicalas no Boletín Oficial da Provincia para xeral coñecemento
348/2016	03/03/2016	Arquivo de actuacións no expte de reclamación nº 8/2015, Dilixencias Previas Proc. Abreviado nº 0003205/2015
349/2016	03/03/2016	Arquivo de actuacións no expediente de responsabilidade patrimonial nº 9/2013, instruído polos danos ocasionados nunha farola de iluminación pública, situada na praza Doctor Enrique Piñeiro ,Cambre, xusto fronte á farmacia situada na rúa Miguel. A. González Garcés, polo camión marca ISUZU modelo NPR77, matrícula 2283 FCM
350/2016	03/03/2016	Corrección erro Resolución nº 316/2016 de data 26 de febreiro
351/2016	03/03/2016	Conceder a autorización para exercer a venda ambulante en vehículo tenda. Solicitante: OMR

4º.- Informes doutros asuntos de área

Informes da alcaldía

Don Óscar A. García Patiño dá conta dos seguintes asuntos:

- O luns 29 de febreiro acudiu a unha reunión coa conselleira de Medio Ambiente e Territorio da Xunta de Galicia, xunto co concelleiro de Urbanismo e Medio Ambiente, don Juan González Leirós.
- O martes 1 de marzo:
 - Acudiu á Confraría de Pescadores da Coruña para a sinatura do documento de alegacións á proposta de dragado ambiental dos sedimentos da ría do Burgo.
 - Mantivo unha reunión con veciños afectados pola senda peonil que discorrerá entre a Volta das Carrozas e a Casilla.
- O mércores 2 de marzo:
 - Tivo lugar un pleno infantil co alumnado de 4º de primaria do CEIP Portofaro, despois visitaron as dependencias da Policía Local e Protección Civil.



- Tamén recibiu a Patricia Campos, impulsora do proxecto “Quimions”
- Asistiu a unha reunión no local social coa directiva da Asociación de Veciños de Sigrás acompañados pola concelleira de Desenvolvemento Socioeconómico, dona Dolores García e o concelleiro de Cultura, don Ramón Boga para tratar a cesión do local social ao Concello.
- O venres 4 de marzo:
- Recibiu aos equipos directivos dos CEIPS de Cambre.
- Tivo lugar ás 13.00 horas a xuntanza de alcaldes no Consorcio das Mariñas, á que asistiu xunto co concelleiro de Urbanismo e Medio Ambiente don Juan González Leirós.

Informes do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Medio Ambiente

Don Juan A. González Leirós dá conta dos seguintes asuntos:

- Día 2 de marzo. Reunión no Concello co ecónomo-arcebispo.
- Asistentes: alcalde e concelleiro de Urbanismo.
- Asunto: Reitoral de Bribes e Andeiro. Da obriga de conservar e manter o patrimonio.
- Conclusión: Seguir cos procedementos.
- Día 3 de marzo: reunión en Fomento.
- Asistentes: arquitecto municipal e concelleiro de Urbanismo.
- Asuntos tratados: Informe sobre el Plan xeral. Rotonda da Rocha.

Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Tradicións Populares

Don Ramón Boga Moscoso dá conta dos seguintes asuntos:

- Luns 29 de febreiro: asistencia ao consello escolar do CEIP Gonzalo Torrente Ballester de Sigrás
- Mércores 2, xoves 3 e venres 4 de marzo: a asistencia ás bibliotecas foi a seguinte:
 - a. Biblioteca Central: 57 nenos, 47 adultos.
 - b. Biblioteca Os Templarios. Dúas sesións:
 - i. Primeira sesión: 45 nenos, 34 adultos
 - ii. Segunda sesión: 62 nenos, 51 adultos.
 - c. Biblioteca Xavier P. Docampo: 50 nenos, 38 adultos.
- Venres 4 de marzo:
 - Reunión no local de Quintán – Cambre coas asociacións e público en xeral de Cambre. Charla sobre os xogos romanos.
 - Villa Concepción: exposición de fotografía a cargo de Máximo Vázquez.
- Sábado 5 de marzo: Villa Florentina: lectura dramatizada de contos rusos clásicos



- Domingo 6 de marzo: Villa Florentina: bolillos con Fuen

Informes da concelleira delegada da área de Deportes, Xuventude e Ocupación do Tempo Libre

Dona Elisa Pestonit Barreiros dá conta dos seguintes asuntos:

- O día 1 de marzo tivo lugar na casa da Xuventude o obradoiro La Ida por conta da Fundación Paideia. Acudiron 9 mozos e estiveron practicando alemán básico e outras dinámicas. Os mozos que non sexan elegidos para formar parte do programa de prácticas en Alemaña, se lles propoñerá un programa de prácticas remuneradas en España de 6 meses de duración.

- O xoves día 3 tivo que ser suspendida actividade de “Eu fun polo mundo”, debido á imposibilidade xustificada por motivos laborais dos relatores.

- O sábado 12 de marzo terá lugar a actividade de paintball, dentro do programa “Este finde teño plan”.

- O sábado día 6 tivo lugar o xadrez escolar As Mariñas no pavillón Sofía Toro. O próximo sábado 12 terá lugar a fase final e entrega de premios.

- O sábado 12 terá lugar na finca O cenador, a presentación anual do equipo Club Ciclista Cambre, ás 12:00 horas.

Informes da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Socioeconómico

Dona Maria Dolores Blanca García Fernández dá conta dos seguintes asuntos:

- O día 29 de febreiro 2016: Reunión na Alcaldía co Sr. alcalde Oscar García Patiño, o presidente da asociación da 3ª idade da Barcala Sr. Rafa e a concelleira Mª Dolores Blanca García Fernández para informar sobre a nova concellería “Movemento Asociativo” que vai levar en próximas datas. Na reunión falouse sobre algún dos problemas que preocupan á asociación.

- Presentación telemática da subvención da Xunta de Galicia Consellería de Economía, Emprego e Industria “Fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais”.

- O día 1 marzo 2016 ás 11:00 horas: Clausura no Centro Municipal de Formación do Obradoiro de Emprego “Cambre–Sada Atención Sociosanitaria”, aprobado pola Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia. Na actualidade o 30% do alumnado está insertado (6 alumnas/os traballadoras/es). Na entrega de diplomas estivo presente o Sr. alcalde Oscar García Patiño o alcalde de Sada Sr. Oscar Benito Portela, o director xeral de Orientación Laboral Sr. Alfonso Marnotes, a concelleira de Desenvolvemento Socioeconomico Mª Dolores Blanca García Fernández, don Francisco Montouto concelleiro de Urbanismo e Desenvolvemento local do Concello de Sada, as técnicas da ADL, Ana e Sonia e a directora Gema, ademais dos responsables dos centros cos que se asinaron os convenios de colaboración; ASPACE;



ASPRONAGA, PAIMENNI, Residencia Padre Rubinos e Residencia García Hermanos, e o persoal técnico do obradoiro e alumnado.

- O día 3 marzo 2016: Realización da proba de selección do alumnado de piloto de dron, enmarcado dentro do XVI Plan Municipal de Formación no centro de Formación do “Espíritu Santo”. Ao remate da proba os docentes instructores da ATO Real Aéreo Club de Santiago, Diego Senin e Claudio Gundin, ambos pilotos comerciais, para explicar aos candidatos o contido do curso, a normativa, a utilización actual dos drones e as posibilidades laborais dentro do sector dos drones.

- O día 4 de marzo 2016: No despacho da concelleira de Desenvolvemento Socioeconómico M^a Dolores Blanca e a técnica do departamento ADL Ana Portela mantiveron unha reunión coa responsable de formación de Galejob Alicia Cordero para colaborar na inserción laboral de veciños de Cambre.

- O mesmo día asistiu á charla “Galaico Romana”, impartida polo concelleiro de Cultura e a asociación de recreadores de Galicia, na Asociación “Sporting Cambre”, na que se presentou a nova concellería que vai levar, “Concellería de Movemento Asociativo.

- O día 5 sábado de marzo asistiu á comida da Asociación contra o cancro.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Oscar A. García Patiño

Maria Luisa de la Red Ampudia